

## LER CON NENAS

## Poesía sen límites

Montse Pena Presas



“Certa vez escribi um poema que começava assim: ‘Gosto de poema que fala de ovo frito, latido de cão e cheiro de queimado...’ O que quería dizer é que a poesía não está somente onde nos acostumamos a procurá-la, na dor de amor, na estrela d’alva, na luz do amanhecer ou nas campinas em flor”. Co texto que contén estas afirmacións, conclúe Marina Colasanti a súa *Poesía em 4 tempos* (tirada do prelo na brasileira Global Editora) e condensa maxistralmente o espírito da obra. A publicación, un dos libros en lingua portuguesa distinguido cos White Ravens (recoñecemento as mellores obras de máis de corenta estados que anualmente concede a International Youth Library de Múnic), baséase na maxia que resulta de combinar os delicados e sinxelos versos de Colasanti e o interesante e sintético proxecto gráfico de Claudia Furnari.

Da parte da poesía, á vez que se mesturan poemas xa publicados con outros aínda inéditos, salienta a estruturación en catro partes que atende a idénticos núcleos temáticos: as lembranzas da vida da autora, a contemplación da natureza, a mirada sobre outras persoas e a reflexión sobre a sociedade actual. O punto de unión entre eles é a pulsión do cotiá, a verdade que xorde logo de reflexionar sobre un recordo que ficou coma unha fotografía estática (como esa viaxe en coche en 1943 que a autora realizou coa familia fuxindo da II Guerra Mundial ou a relación indisolúbel que para ela gardan as ameixas co comezo do verán). Sensacións sempre expresadas a través duns versos con cadencia, de ton conversacional e doadamente entendíbeis, que na maioría das ocasións foxe da rima consoante, tan habitual na poesía infantoxuvenil. Porque precisamente outro

dos acertos desta obra é dirixirse a un público sen límites de idade (nin por abaixo nin por arriba), xa que as súas composicións debullan tanto imaxes sinxelas e un tanto lúdicas (especialmente na sección dedicada aos elementos naturais) coma outras moito máis complexas nas que a ironía, o desencanto e a contraposición de universos non están ausentes e requiren dese silencio que demanda a mellor poesía. A proposta das ilustracións de Furnari camiña nesa mesma dirección, pois aínda que se centran no elemento central do poema, ocupan unha pequena parte da páxina, conseguindo destacar a importancia das palabras e ás veces axudando a iluminar o seu motivo principal. O xogo coas formas e a forza que os elementos gráficos e as figuras con perfil xeométrico acadan nelas apuntan tamén cara ese lectorado variado que teiman, moi acertadamente, en procurar os versos.

Colasanti e Furnari crean un volume que é unha rara avis: polo escasa que, desafortunadamente, é a poesía infantil e xuvenil



## POESIA EM 4 TEMPOS

MARINA COLASANTI

Ilustracións de Claudia Furnari

GLOBAL EDITORA, 2009

43 páxinas

de calidade, mais sobre todo, por unha sinxeleza e unha profundidade que se trasladan de texto a ilustracións para dar ás a unha obra que non coñece de limitacións. Por algo é un ‘corvo branco’. ●